

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indicar o enunciado correcto:

- A) O cigarrón leva no cinto unhas chocas que fan moito ruído ao camiñar.
- B) O cigarrón leva no cinto unhas chocas que fan moito ruido ao camiñar.
- C) O cigarron leva no cinto unhas chocas que fan moito ruído ao camiñar.
- D) O cigarrón leva no cinto unhas campanas que fan moito ruído ao camiñar.

2. Sinalar a frase correcta:

- A) Meteu o paxariño nunha pía dese penedo.
- B) Meteu o paxariño nunha pila dese penedo.
- C) Meteu o paxariño nunha pia dese penedo.
- D) Meteu o paxariño nunha pía de ese penedo.

3. Indicar cal das seguintes palabras é feminina en galego:

- A) Roubo.
- B) Furto.
- C) Fraude.
- D) Crime.

4. Como se denomina a parte prominente posterior da articulación do brazo co antebrazo?

- A) Nocello.
- B) Cóbado.
- C) Codo.
- D) Xeonllo.

5. Sinalar a forma correcta da segunda persoa do plural do pretérito perfecto de indicativo do verbo andar:

- A) Anduvesteis.
- B) Andastes.
- C) Andástedes.
- D) Anduvírades.

6. Indicar a frase correcta:

- A) O pai ceibou o paxaro da gaiola.
- B) O pai ceivou o paxaro da gaiola.
- C) O pai ceibou o páxaro da gaiola.
- D) O pai deibou o paxaro do gaiolo.

7. Sinala a opción correcta na lingua galega:

- A) Tese de doutorado.
- B) Tese de doutoramento.
- C) Tesis de doutoramento.
- D) Tese de doctorado.

8. Sinalar a serie de palabras correcta:

- A) Triple, trintadous, dezasete, dobre.
- B) Triplo, trinta e dous, dezasete, dobre.
- C) Triple, trintadous, dazasete, dobre.
- D) Triplo, trinta e dous, dazasete, dobre.

9. Sinalar o termo incorrecto en galego:

- A) Codorniz.
- B) Paspallás.
- C) Pardal.
- D) Canario.

10. O xentilicio de Ferrol é:

- A) Ferrolán-á.
- B) Ferrolés-esa.
- C) Ferrolano-ana.
- D) Ferroliense.

Preguntas de reserva

1. Nomes de árbores. Sinalar a opción incorrecta:

- A) Castiñeiro.
- B) Nogueira.
- C) Cereixo.
- D) Maceira.

2. O corpo humano. Marcar a opción incorrecta:

- A) Cadrís.
- B) Pelve.
- C) Xeonllos.
- D) Cadera.